



CUMES

**Revista do
CPI Uxío
Novoneira**

**Curso 2010-
2011**

Limiar.

Un ano máis está connosco a nosa revista “Cumes”. Chega ás vosas mans un pouquiño máis tarde do habitual. No canto de recibila en xuño como culminación do curso, desta vez achégase a vós no derradeiro trimestre de 2011, como para darvos de novo a benvida ó colexio.

Sen dúbida que o curso pasado foi un curso estupendo, no que todos tivemos tempo de traballar e pasalo ben, de estudar e coñecer cousas novas... As excursións, os talleres, as actuacións e festivais, todo, xunto co día a día nas clases, a carón do compañeiros, deixounos, sen dúbida, un bo sabor de boca.

Por iso, esta revista chega hoxe para que eses momentos nos que tivemos a oportunidade de pasalo ben non caian no esquecemento, para que eses amigos que estiveron compartindo as horas connosco, no se desaparezan na memoria cando pasen os anos. Cada curso pasa o mesmo: uns cantos de nós marchan para outra parte, a estudar noutro sitio, a traballar nalgunha outra parte... Pero as horas que pasamos con eles no colexio as lembramos sempre.

A revista ten dúas función: dar a coñecer os demais os nosos traballos e os nosos esforzos ó longo do curso e gardar para nós as fotos dos mellores momentos do curso. Polo que unha revista sen fotos, sería unha árbore sen froito. Agardamos que a selección que incluímos, sexa do agrado de todos.

Unha aperta a todos e bo curso 2011-2012.

Movemento de persoal.

No curso pasado, o CPI “Uxío Novoneira” cambiou de abondo a súa paisaxe profesoral: En primaria, a profesora especialista de Educación Física, Teresa Fernández, marchou a dar clase a outros colexios despois de moíiiiiiiimos anos traballando en Pedrafita. Foi substituída por Conchi Santana, que ocupa no centro plaza de definitiva.

Tamén de primaria e infantil chegounos a directora nova, Ana Barreiro. Como especialista de Inglés voltou Fátima, que xa estivera fai anos neste colexio. Dado que non puido asistir ás clases boa parte do curso, foi substituída por Ventura. Como especialista de plástica e música chegou para estar connosco Lorenzo.

En Secundaria tamén houbo algúns cambios: Noemí estivo substituída por Ramón, e Esther, por Laura. Como todos os anos, tivemos profesora nova de inglés, que foi María Aller. Como todos os anos, tivemos orientadora nova, Belén. E por primeira vez tivemos connosco unha auxiliar de conversa, Elisabeth.

Co final do curso, en xuño, tivemos que dicirle adeus a moitos deles, como a Carmen, que estivo aquí dous anos dando Naturais; a Esther, que nos deixa para marchar a Sarria; a Bea, de Pedagogía terapéutica, que tamén marcha despois de estar aquí moito tempo. Deste xeito, cando comeza o novo curso 2011-2012, haberá que andarse con ollo... Moito novo ó que lle hai que medir os pasos...

E os alumnos? Pois alá se foron Martín e Jenni, a probar sorte noutros lares. E David Lugueros, que tamén decidiu poner punto final a súa estada no “Uxío”.

Agardamos que uns e outros teñan éxito en todos os seus proxectos.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Dende logo que todas as actividades desenvolvidas no centro, en maior ou menor medida, están vencelladas coa normalización e dinamización lingüística, pero ademáis, no presente curso realizamos unha serie de pequenos traballos concebidos como apoio e defensa da nosa lingua: o galego.

Así, despois dun concurso de ideas, na que os diferentes cursos aportaron as súas frases, realizamos unas chapas de normalización. Estes foron os deseños elixidos.



Pero as frases foron moitas. Poñémosvos aquí algunhas delas.

PRIMARIA	SECUNDARIA
Viaxa polo país do galego.	Soña con Galicia e fala galego
Deixa voar o galego que levas dentro	Atención!! Galego a bordo.
Fala galego, que a cabeza non para.	O galego é vida: vive en galego
Son galego e amo o galego	Fala con sentido, pero fala galego
Fala galego que mola mazo	Vive Galicia, vive galego
Adéntrate no galego	Galego no mundo

Tamén realizamos todo un conxunto de marcapáxinas, a cada cal máis bonitos.
Amostrámosvos aquí algún deles.



O COLGANTE ENMEIGADO.

Era o 19 de novembro, o día no que Abril, a nosa protagonista, cumpría 13 anos. Abril espertou de súpeto, como se tivese un pesadelo. Sentou na cama a pensar no que soñara, pero non se lembraba. Eran as sete, así que volveu a durmir, que Abril non empeza o colexio ata as 10:30. Pero cando se ía xirar para volver a deitarse, mirou o calendario e decatouse de que era o día do seu cumpreanos. Pasóuselle todo o sono de repente, ergueuse, e dirixiuse ao seu escritorio. Á segunda hora tiña exame de mates, sobre raíces cadradas e potencias. E como a Abril non se lle dan ben, pensou en repasar un pouco. Pero tropezou, caeu e moveu a mesa: uns libros que estaban nun andel movéronse e xusto o libro *A Historia Interminable* caeu enriba da cabeza. Fíxolle un pote enorme.

-Que sorte a miña! Un exame de mates o día do meu cumpreanos e por riba agora teño un pote enorme na cabeza.

Co ruído que fixo Abril espertou Xacobe, o seu irmán, e botoulle a bronca, porque el quería seguir durmindo. E así eles espertaron aos seus país, que foron alí rápidamente ao oír aqueles berros.

-Que facedes berrando a estas horas? Non vedes que nós queremos durmir? E... por certo, felicidades, Abril: estás de cumpreanos e vas pasalo sen ver a tele e sen poder xogar á consola.

-Non!

Abril deitouse de novo. O día empeorara. Quería durmir para que cando se volvese espertar o día fose máis bo.

Eran as 9:30 e o espertador de Abril estaba a soar. Vestiuse, peiteouse, lavou os dentes... E no salón estaba a súa avoa, esperándoa cunha caixa na man. Era un colgante precioso. Colgoullo do pescozo e marchou para coller o autobús. Mentres camiñaba, pensou:

-Moito mellor! Erguerme tan cedo non foi unha boa idea, xa o sabía eu. Pero mira, volvín durmir e é un día novo.

Chegou á parada do autobús, sentou nun banco e xusto nese momento pasou un coche moi rápido e salpicou á nosa protagonista. Cando subiu ao bus, esvarou e caeu de fuciños. Cando se recuperou foi a sentar cabo da súa mellor amiga.

-Felicidades! Qué colgante tan bonito!

-Toma, quédate con el se queres nas primeiras clases.

Candobaixaron do autobús unha pelota aterro una cabeza da amiga de Abril.

Soou o timbre e as rapazas entraron; tocaba francés, a materia favortia, pero ese día non acertou os exercicios e ao ofalar semellaba falar alemán.

Unha vez máis soou o timbre. Tocaba o exame de mates. Tremíalle o pulso e non entendía nada.

Foron o patio, e alí comentaban:

-Dende que puxen o colgante no pescozo, só me pasan cousas malas, e a ti, cando o puxeches, tamén che deu o balón na cabeza.

-Pois xa está! Quita o colgante e non terás máis mala sorte.

-Non! Non é o colgante: hoxe espertei porque tiven un pesadelo, un libro bateume na cabeza, os meus pais rifáronme e eu aínda non tiña o colgante...

A Abril seguíanlle sucedendo cousas e a cada cal peor, ata que se fartou e guindou o colgante o máis lonxe posible. Dende onde estaba viu como un pequeno da rúa recollía o seu antigo colgante. Abril, chea de ledicia, marchou para a súa casa. Pero, pola noite a cabeza non lle paraba de dar voltas. Pensaba:

-E se o neno é agora quen ten mala sorte?

Abril non estaba tranquila: todo o que lle psara a ela poderíalle estar pasando ao pobre neno.

Ao día seguinte Abril xa dicidira ir en busca do pequeno e do colgante, cando o viu moi ben posto, con roupa de amrca e con billetes asomando por cada un dos seus petos.

A razón por que a Abril lle daba mala sorte e ao pequeno boa? Ninguén a sabe.

TODOS TEMOS UN MAL DÍA.

Abril Lamela Gómez (2º ESO).



MEMORIAS DUNHA MULLER DA MONTAÑA.

Quizais a miña vida non foi exemplar, e creo que non me preocupou moito durante o tempo que durou, mais xa é tarde para remediar os erros cometidos, erros que aínda que puideron parecer insignificantes, son erros que a min me pesan na alma.

Nacín un día coma hoxe fai 87 anos, segundo din nun caloroso verán, no que os únicos seres que estaban fóra ao sol eran as chicharras.

Eu crieime cos meus avós nun pobo pequeno da montaña lucense, que aínda hoxe, con só nomealo lembro a miseria, a fame, a pobreza e a suciedade que pasei.

Miña nai morreu o mesmo día que eu nacín, feito que moito me pesou e me pesa. Meu pai cando se enterou de que miña nai, solteira, quedara en cinta, fuxiu coa mesma présa que se soaran as trompetas do xuízo final. Dende moi pequena servín nunha casa de mellor posición económica ca a miña; eu era quen coidaba das vacas. Tíñanme descalza, con farrapos por roupa e toda sucia. Recordo o mal que trataban á nosa familia, como se fóramos lixo e só porque tiñan pouco máis. Un día, estando soa nun prado que quedaba moi lonxe, veu un dos fillos do dono e por pura diversión soltou as vacas, pegándolles con forza para que marchasen lonxe. Moitas horas tiveron que empregar para atopalas e cando cheguei co gando, o único que recibín foron malas palabras e unha labazada.

De aí a un tempo, tendo arredor duns trece anos, chegou á nosa casa o que ao parecer era o meu pai. Chamábase Adolfo. Era un home duns trinta e cinco anos, alto, de constitución delgada, calado e rudo. Con el non tiveron moito contacto: éramos como dous estraños que estaban xuntos por antollos do destino, ese toleirán que fai o que quere coas nosas vidas. Dous meses máis tarde chamárono para ir á guerra. Era o ano 1936. Cando marchou para enfrontarse á súa sorte, miroume: nos seus ollos víase o medo dos que non teñen máis saída ca que lle ofrecen, e que nin esa mesma era unha saída. Pasara todo ese tempo traballando en Asturias. Eu sabía que non ía regresar, e penso que el mesmo tamén o sospeitaba. Aquel era meu pai, mais non me dixo nada, non se despediu. Caín na conta de que non me quería, como tampouco quixo á miña nai. Non fomos nada para el, tan só pó do camino.

Pasado un mes, mandaron unha carta a casa, informándonos da súa morte, que dicía: “morreu loitando por Deus e por España”. O máis doloroso e triste de todo iso era que eu non sentía a súa morte; quería chorar, pero non podía. Non me pesaba o seu pasamento.

Despois da guerra, todo quedou en silencio, un silencio roto polos choros desconsolados das viúvas, dos orfos e dos pais que quedarán sen fillos. Tristeza, miseria e fame; tres palabras para definir calquera guerra.

Pasou o tempo e todo foi volvendo á normalidade, todo o normal que podía ser. Eu, naquel tempo, non tiña nada ao que adicarme aparte de axudar no que podía na casa.

Foron tempos duros, e neles morreu a miña avoa a consecuencia dunha grave enfermidade, que os pobres, cando estábamos doentes, só podíamos esperar á morte.

A súa desaparición contribuíu ao frío que se respiraba, xa que fora un tempo de grandes nevadas que duraban ara que a caprichosa natureza decidía convertelas en auga.

Desde entón quedamos o meu avó e mais eu. Eu atendía á casa e el traía o sustento, porque traballaba arreo como man de obra para as labores do campo.

Así pasamos uns anos, ata que tendo xa dezaquito, un día indo para o monte en busca de leña para o lume, xa de volta para a casa, atopeime cun home que estaba malferido a consecuencia dun balazo. Tirei a leña e achegueime a el. Tiña medo. Que persoa sería? Pero non podía deixalo á súa sorte. Estaba a perder moito sangue. Eu, que podía facer? El intentou falar, mais lle faltaban as forzas necesarias para conseguilo. Escoitei ladridos de cans e unas pisadas. Con medo de que fosen dos que o intentaban matar, leveino como puideren ata unha casa derruída que había do outro lado do regato.

Chegamos ata aquela casa e eu xa non podía máis co seu peso, aínda que el empregaba todas as súas forzas para andar. Pero non era suficiente. Por iso, cando nos encontramos a salvo deixei no chan o mais rápido que puideren. Foi nese momento cando reparei en que era un mozo novo, ben parecido, alto e bastante forte; levaba o pelo curto, dun castaño claro, e os seus ollos eran azuis coma o ceo limpo dunha mañá de primavera. Todo isto facía que aínda que estaba sucio de terra e sangue, fose o home máis apostado que eu vira na miña vida. Rapidamente espertei das miñas divagacións e mireille a ferida. Era moi grave, máis do que imaxinara; pero non podía saír a procurar axuda nin tan sequera ao meu avó. Aquelas pisadas que oíra proviñan de homes e me asustaba o que puideran facer. Así que non me quedou outra máis que intentar curalo eu co que tiña a man.

Tardou máis dun mes en estar recuperado. Semelloume estraño que fose quen de sobrevivir. Eu ía tódolos días levarlle un pouco de xantar e mirar como estaba.

Un día, nas festas do pobo, ás que ninguén faltaba, púxenme un bonito vestido, que me emprestara unha boa amiga. Era branco, cunhas floriñas vermellas e azuis, dun tecido suave que cando dabas voltas e voltas, sentías como se estiveses a voar. Mentres eu xiraba e xiraba, ríndome de pura ledicia, vino na ventá a fitar para min. Parei e mireino. Chegou alguén para presentarme a un rapaz, un vello coñecido. Eu estaba atenta a aquel home do que nin sequera sabía o nome. Todos falaban mentres que el me miraba cos seus maravillosos ollos azuis. Eu non entendía como non marchara despois de curar a ferida.

Pola tarde, paseando polo camino, empezou a chover e corrín cara a casa abandonada. Ao entrar apresurada, choqueei con alguén. Asusteime. Pero era el, que estaba en pé, a agardar por min. Colleume pola cintura e bicoume. Lembro perfectamente os seus doces beizos sobre os meus. Logo, como se non pasase nada,

comezamos a falar como nunca antes o fixera con ninguén. E pasaron unas semanas nas que os seus beizos me namoraban cada vez máis. E xa non podía vivir sen el.

Un día pedíume que marchase con el, debía fuxir. Eu dubidaba de seguilo, pero amábao de máis como para non facelo. Marchei. E fun feliz por uns cantos meses. Ata que aqueles dos que el fuxía deron connosco. Era un día de outono, triste e escuro, cando, como se do mesmo Lucifer se tratase, un dos gardas matou ao home que eu amaba. Vino agonizar. Despediuse cun “quérote” e un “perdón”.


Logo, como se dunha loba doente e ferida se tratase, levanteime e mirei ao asasino do meu amor, cun odio que fixo que o seu medo medrase e me disparase. Pero eu non morrín. Agora só choro por aqueles que quixen e que a vida me arrebatou usen contemplacións, sen reparos, como se o meu sufrimento non importase, como se as miñas bágoas non fosen nada.

Natividad Valle Fernández (3º ESO)



CALIGRAMAS






O mínimo, ao sentirse molestado saltou a casa do intauso e empezou a arañalo. O bandido moi asustado correu ata a porta pero o can tirouse sobre el. seguiu correndo, o burro deu lle unha cox, o galo empezou a berraz con todas as súas forzas: "kikiriki, kikiriki". O bandido foi a onde estaba a cuadrilla e díxolle ao capitán: ilive espanto na casa hai unha bruxa endemoniada que cas súas largas unhas encheime a cara de cucarizas, despois un home lanzouse e clavoume un coitelo nunha perna, ao pasar pola cuadrilla un negro gigantesco deu-me un golpe de de o tellado o xuíz non paraba de berraz: "Traedme-lo"



O MAGOSTO Como todos os anos, celebramos o Magosto no colexio. Fixémolo un venres de novembro, e participamos todos. No polideportivo tivemos xogos populares organizados por titorías: o aro, carreiras de sacos, o pano... Uns aportaron carteis, outros participaron nos xogos, e, no remate, non houbo ninguén que se perdesse unha boa





LEMBRANDO A ROSALÍA DE CASTRO.

Co gallo do 125 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, a nosa primeira poetisa, cuxo libro *Cantares Gallegos* deu inicio ó Rexurdimento da literatura galega, adornamos o noso colexio coa súa imaxe e con textos dos seus poemas. Tamén celebramos un recital no que alumnos e alumnas de todos os niveis educativos demos lectura á páxinas escollidas da súa obra.





SAMAÍN

Dende fai uns anos, non hai Magosto no noso Colexio que non quede achegado á celebración dun Samaín. Bruxas, trasnos, estadeas, Santas Compañas, ánimas, momias e outros personaxes estarrecedores paseáanse ás súas anchas polos corredores do colexio, que collen o aire dunha película de medo. Os lobos oubean e os morcegos percorren a fume de carozo as aulas. O CPI Uxío Novoneira non é lugar nese día onde se aconselle a estada das persoas débiles de corazón



CLUBE de LECTURA



A Biblioteca escolar é un lugar estupendo, onde podemos atopar calquera tipo de libro, dende o máis infantil ata o máis serio e científico. Pero non sempre a empregamos todo o que sería desexable. Para potenciar o seu uso e para aumentar a afección á lectura entre o alumnado –e o profesorado, claro-, organizouse no colexio un club de Lectura: onde se proponen libros e para poner en común as impresións que causan a cada un dos lectores.

*Neste ano tamén fixemos unha experiencia nova: limos un “manga” entre varios, facendo cada un un personaxe. Foron os primeiros capítulos de **Marmalade Boy**, de Wataru Yoshizumi.*

Límolo algúns profesores (Javier, María e Marisa) e os alumnos de 1º: Jesús, Lucía e Lucía, e Alba. Os personaxes protagonistas eran Miki, Yuu, Meiko, Ginta e Arimi; dábanlle voces respectivamente Laura,

EXCURSIÓN Á CORUÑA

OS DE PRIMARIA ANTES DE REMATAR O TRIMESTRE MARCHAMOS DE EXCURSIÓN Á CORUÑA, E ALÍ FIXEMOS UNHA MOREA DE COUSAS INTERESANTES NA COMPAÑA DOS NÓSOS PROFESORES. TIVEMOS ACTOS E ACTIVIDADES, FUMOS Á TORRE DE HÉRCULES E MÁIS TAMÉN O ACUARIO. ¡VAIA MOREA DE PEIXES!



EXCURSIÓN A LUGO

En xaneiro fumos todos a Lugo, a aproveitar a pista de xeo e patinar un pouco, Cada un mostrou as súas habelencias: os de infantil os de primaria, os de secundaria e mesmo os profes. Tamén fumos ó cine e a tomar unas hamburguesas. Foi un día moi completo.





Día da paz

Ao voltar das vacacións de Nadal, en xaneiro, celebramos o día da paz, e engalanamos a entrada do cole con carteis feitos por todos nós. O dos paxariños quedounos moi pero que moi logrado.

